



Brindando polos cinco anos de Francisco

A foto que fala

Non é Lula o problema de fondo, o problema é Brasil
[José Mujica]



O trasno Desmesuras

Daniel López Muñoz



Como sinalamos no seu momento, a Puigdemont pasoulle como Agamenón –que volvendo vencedor da guerra de Troia sacrificou a súa filla Ifigenia para poder continuar a singradura. É dicir, que perdeu a lexitimidade polas présas en chegar, a pesar de que viña cargado de argumentos lexítimos, como ese de que unha amplísima maioría da poboación catalá quería ser consultada nun referendo con debate e garantías. Porque pasaron cousas.

Habería que sumar a insuficiencia de apoio electoral para lanzarse pola vía unilateral, a “sorpresa” pola fuga de

ra fachendoso e agresivo, dentro e fóra de Cataluña. Un escenario ideal, soñado, para aplicar o artigo 155 da Constitución cun custo mínimo para Rajoy. Un Rajoy, ademais, que necesita de Cataluña, das cicloxéneses explosivas e dos familiares de vítimas de crimes horrendos para que os telexornais dediquen o menor tempo posible á increíble, disparatada, monumental colección de casos escandalosos e sumarios de corrupción, mentira e mal goberno protagonizados polo PP, Máster de Cifuentes incluído.

Pero pasaron máis cousas. E a batalla deu outra volta.

empresas e o principio de acción, ese que encirrou e mobilizou un españolismo centralista a n t e s adurmiñado e vergonzante, pero ago-

Porque á Audiencia Nacional e ao Supremo se lles foi a man. E o que denunciámos como unha desproporción descomunal foi confirmado pola xustiza alemá. A principal acusación contra os políticos cataláns na cadea, a que xustifica esa brutal prisión preventiva, é a de delito de rebelión, xusto a que non é recoñecida polo xuíz alemán, porque non ve unha estratexia de uso da violencia coactiva contra o Estado. Europa tamén ve o mesmo ca nós: unha desproporción. Non hai tal violencia. A violencia publicada en Europa foi outra.

E unha vez máis volve a sospeita sobre a neutralidade a imparcialidade ideolóxico-política de instancias clave, como os xuíces. Non debían xogar con iso. Non é admisible a menor sospeita sobre a obxectividade dos xuíces. Pero tampouco dos directores de mestrados, das fiscais, dos policía, das funcionarias públicas, da escola e das televisións públicas.

Entre outras cousas porque un estado con institucións parciais, trapalleiras ou corruptas non invita, precisamente, a querer permanecer nel.

Editorial Anemia practicante

Despois da Semana Santa, recibimos de cregos amigos e activos en Irimia a constatación dunha realidade: a caída na práctica relixiosa tradicional. Celebracións que antes convocaban unha boa cantidade de persoas son agora o mellor termómetro desa caída. E a mocidade está noutras cousas. Que sexa a crónica dunha agonía anunciada non resta un ápice no sentimento de melancolía de moitos cregos bos e xenerosos que tratan de facer as cousas con sentido e honestidade. O paradoxo é aínda maior polo momento da Igrexa universal, cun papa que nestes cinco anos propiciou un cambio nas formas e os contidos, reordenou as prioridades e contaxia esperanza.

Na Galicia eclesiástica non chega o arrecendo de Francisco. Nin se fai unha autocrítica, nin se propón un cambio. Máis ben é un ir tirando agarrados ao salvavidas Xacobeo, como unha especie de muleta, en castelán, da Axencia de Turismo de Galicia.

Os cambios na sociedade son tan profundos que non vale xa unha reforma a medias

Pero os cambios na sociedade son tan radicais e profundos, hai tantos factores e causas enriba da mesa que non vale xa unha reforma a medias.

Os temas clave son semellantes, pero máis agravados, ca os detectados nos anos 70 e 80, cando houbo unha ecllosión de comunidades e movementos e unha serie de cre-

regos dispostos a encarnar o Concilio na realidade galega. A resposta foi a represión.

Son os mesmos desafíos, por exemplo, que abordou Pepe Chao, inspirador de Irimia: facían falta novos contidos teolóxicos, pero tamén novos “continentes”, novas formas, unha nova simbólica galega e cristiá. Novas maneiras e estilos litúrxicos. Creatividade e significatividade, intelecto, si, pero corazón, chegar ao sentimento. Tamén novas estruturas, máis comunitarias. Da parroquia, estreita e conservadora, dicía el, hai que transitar á comarca.

Pero hoxe en día o cambio aínda é maior. Foron décadas de integrista anti-secular, de pederastia encuberta, corrupción, patriarcalismo, aliñamento político conservador. Como reparar tanta ferida?

A relixión ten que servir para dar sentido último aos grandes “ritos de paso” e ao compromiso civil de cada quen, porque “fóra do mundo non hai salvación”. Como celebrar, en que lugar, como, con que linguaxe, con que frecuencia? Desde que Igrexa, con que valores e significados diante do mundo? Os deberes están por facer.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Veño de estar nunha competición da miña filla. Agora, entre as actividades que fai, está a de iudo. Leva un ano con ela e a verdade é que está encantada e nós pasamos un bo momento vendo nenos e nenas de seis e sete anos facendo chaves iudokas. Desta competición quitei en limpo unhas cantas cousas:

En primeiro lugar, coido que a miña filla non será un prodixio nesta arte marcial. Non se lle dá mal, pero tampouco estará no podio dos Xogos Olímpicos de aquí a quince ou vinte anos. O conto é que ela pásao ben e aprende moitas cousas, como unha orde, disciplina, respecto, igualdade,

como gañar, como perder... Nenos e nenas xuntos sen distincións, compartindo unha boa mañá. Iso é bo.

En segundo lugar, destacaríase o bo ambiente entre todos os pais e nais que estabamos alí. Non había entre nós competitividade nin nos preocupaba que os nosos pícaros fosen os mellores. Ao revés, somos conscientes de que o esencial é que aprendan e gocen dun deporte minoritario, pero que lle pode dar moitas cousas boas.

En terceiro lugar, estou abraiado co bo facer da xente que bota tempo e gañas a educar a través do deporte. Que trata de compartir os valores auténticos dos deportes nos que gañar



non é o máis importante e nos que participar implica sacrificio, loita e diversión. Son educadores esenciais na nosa sociedade.

1



3



2



4



A peneira

1

A Deputación da Coruña convoca a colectivos e axentes culturais a presentare iniciativas e experiencias, o 25 de abril, no Pazo de Mariñán, en Bergondo, coa teima: **"A Cultura é un dereito"**, animando a construír sociedade desde a cultura.

2

O 14, **DÍA DAS ARTES GALEGAS**, lembramos o arquitecto Alejandro de la Sota, creador do Pavillón de Deportes de Pontevedra, o seu berce (1913), onde cómpre unha visita ao Café Moderno, espazo no que coñeceu a Castelao, ao que considerou o seu mestre.

3

O 12 de maio ten lugar a Asemblea Xeral de socios/os da **BANCA ÉTICA** no Pazo de Congresos de Granada. Mentres, está a facerse a campaña "Fóra Paraísos Fiscais", xa que o 72% das fraudes fiscais son das grandes empresas e fortunas a través deses buratos que son os paraísos fiscais.

4

REGADUXA, Memoria Histórica de Vilaboa-Pontevedra, abre o 21 o Bosque da memoria, lembrando os presos do cuartel de Figueirido e aos solidarios con eles, ás 12:00 h, na entrada da prisión que dá á estrada entre Figueirido e o Lago de Castiñeiras.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Mentres a **MOCIDADE** segue a emigrar, en sete anos pecharon 5 000 granxas de produción leiteira, moitas delas por falta de relevo xeracional, nun sector escuro pola falta de apoio na busca de terreos para producir alimentos propios. Supón un 1,8 % do PIB, máis ca o forestal e o téxtil...

6

En menos de 15 días apareceron 4 persoas maiores que finaron soas na provincia de Lugo. A **SOIDADE** é a compañeira de milleiros de galegas e galegos. No 2016 perdemos 10 000 veciñas/ os volvemos á poboación de hai 50 anos.

7

O 5, Castro de Rei celebra a **XOSÉ MANUEL CARBALLO** como guieiro da veciñanza, bautizando a casa da cultura ao pé do Azúmara co seu nome, coma ese vagalume que aluma na contorna ao xeito da luz das noites estreladas.

8

Mentres o PP impide no Parlamento anular as sentencias da época franquista, solicitada polo **BNG**, co apoio de toda a oposición, o pobo celebra a memoria destas vítimas; así, en Ferrolterra, na Praza da Revolta de Cedeira, na Árbore de Guernika en Narón, no Ateneo.

A política Pode ser peor

Carlos Vázquez G



Parece que non lles chega nin á Fiscalía, máis do Goberno ca do Estado, nin a algúns xuíces instrutores con imputar ou acusar dirixentes secesionistas cataláns por desobediencia, prevaricación ou malversación, aínda que estes delitos supoñan longas penas de prisión, moitos anos de inhabilitación e, seguramente, fortes sancións económicas. Non lles chega, e por iso tentan construír un relato acusatorio contra os dirixentes secesionistas, aducindo o emprego programa-

do e efectivo de violencia para poder imputalos por sedición, ou, se a violencia é maior, por rebelión. Este relato acusatorio lógrase forzando a interpretación das leis e retorcendo a percepción xurídica dos feitos. Esta é a razón pola que a xustiza alemá e, probablemente, a dos restantes países europeos, que teñen que decidir entregas ou extradicións, estanlle dando un duro correctivo á xustiza española por forzar, violentar ou retorcer o estado de dereito e os principios democráticos esenciais, que deben inspirar a acción da

Malo é forzar as costuras da democracia

xustiza na UE. A impresión que dan os fiscais e xuíces, implicados na forzada cualificación dos delitos atribuíbles aos separatistas cataláns, é que, máis que buscar o restablecemento da xustiza e a sanción xusta e racional dos delitos, estes funcionarios buscan unha sorte de vinganza do Estado español, a condena máis

rotunda e a sanción exemplar e exemplarizante, que disuada de futuras pretensións independentistas, que estimule e mobilice o vello nacionalismo españolista e que poida frear a evolución dos autogobernos periféricos para reconducilos a un renovado centralismo, a gran cobiza das dereitas españolas.

Malo é forzar as costuras da democracia, deturpar as prácticas dun estado de dereito, confundir vinganza con xustiza ou buscar cualificacións xurídicas interesadas de feitos, tamén deformados, para fins alleos á estrita aplicación das leis, da xustiza e da garantía dos dereitos das persoas. Malo é, pero é aínda peor, e máis perigoso, simular que houbo violencia onde non a houbo, atribuírla a quen nunca a practicou nin promoveu e esgrimila en falso para lograr maior condena e aplicar maior castigo.

Estes, digamos, excesos de fiscais e instrutores, ¿serven para disuadir do uso da violencia política ou, *de facto*, facilitan exercela ou xustificala, dado que a represión e o castigo serían os mesmos, haxa ou non, efectivamente, violencia?

Sempre a violencia xera violencia, pero peor será se a violencia inxusta é a do Estado.



O peto común InnovArte Educación Infantil

Josecho de la Torre

É o nome dun blog nacido en 2010 que, ademais de ser un referente da educación infantil, naceu en Galicia e está dirixido por dúas mestras e irmás galegas. Se un accede a el atopará unha páxina fundamentalmente de formación que amosa as experiencias e reflexións de Ángeles Abelleira e Isabel Abelleira. O blog recibe unha media de 1 500 visitas diarias desde Galicia, pero tamén desde Portugal, Italia ou América Latina. Foi recoñecido por algúns dos máis importantes premios estatais en pedagogía, como son o Francisco Giner de los Ríos en 2012 ou o premio Marta Mata en 2016, este último polo libro *Os fíos de infantil*. *InnovArte Educación Infantil* que garda ata setenta experiencias das máis significativas.

Innovarte é unha ferramenta axeitada ao proceso de aprendizaxe dos máis pequenos. As súas promotoras logran transmitir experiencias cheas de vida e afastadas de pesimismo, válidas para todas as familias, nen@s e profesionais; faino cunha visión ampla de ata 17 categorías, que van desde lexislación ata emocións, pasando pola música ou información ás familias; é unha manifestación de creatividade, de linguaxe clara e atinada, coidando a cultura e moitas tradicións; blog innovador e verdadeiro, actualizado e adap-

A NOSA ACHEGA Á EDUCACIÓN INFANTIL

InnovArte Educación Infantil

PRESENTACIÓN ACERCA DE IEI ESPAÑOL RECOMENDARTE LEXISLARTE ARQUIVO FEED RSS

DÍA DE ROSALÍA, LINGUA GALEGA, MAPAS/PLANOS, POESÍA

Buscadores de versos rosalianos

In FamiliarArte on 12/02/2018 at 17:36

Unha das iniciativas do concello de Ames para celebrar o Día de Rosalía é a de pintar algún dos seus versos nos pasos de peóns das localidades de Bertamirás e O Milladoiro, o que se fixo nesas días, e que nos deu pé a unha das nosas actividades preferidas, a de facer de detectives na que unimos o gusto pola poetisa, polo traballo con mapas e os paseos en familia.

C. LINGÜÍSTICA, DÍA DE ROSALÍA, LINGUA GALEGA

"Rosalía tamén vive aquí"

In ConArte on 18/02/2018 at 11:41

Con motivo do Día de Rosalía, dende o

DÍA DE ROSALÍA, LINGUA GALEGA, LITERATURA

"Ames con Rosalía"

In ActualArte on 18/02/2018 at 10:06

En Ames é xa unha tradición consolidada celebrar o día do nacemento de Rosalía de Castro con toda a veciñanza xa que, a máis de ser unha figura senlleira en Galicia, a poetisa pasou uns anos da súa infancia nunha aldea do concello, no lugar do Castro en Ortoño, onde andando no tempo se fundou o Seminario de Estados Galegos, así a visita a O Castro figura na Ruta Rosaliana. E isto é algo que moita xente descoñece.

tado aos tempos, pero sen perder a esencia das cousas. Se un se asoma pola fiestra de InnovArte, percibe que detrás desta *criatura* hai unha paixón e un compromiso construídos na experiencia que dan os anos. É de agradecer que tan pretiño de nós haxa xente capaz de crear algo tan fermoso e útil. Tamén se agradece a forma sinxela e natural de comunicar e por iso este blog que nos di que *educar é unha arte*, é unha verdadeira obra mestra á que se lle desexa moitos anos de vida.

O CARRABOXO por ROBE LOIS





Cal é o perfil dos nenos e nenas que pensades traer?

Son nenos con enfermidades graves que proceden de África ou América Latina e que non poder ser operados nos seus países de orixe. A maioría están nun tramo de idade entre 1 e 8 anos, aunque tamén pode vir algún adolescente.

Cantos proxectades traer de momento?

Temos un acordo de colaboración coa Consellería de Sanidade para poder operar en Galicia 8 nenos por ano, a maioría serán nenos con cardiopatías graves que serán operados no Hospital Materno-Infantil da Coruña, que é un centro referente na atención a estas enfermidades. Tamén temos un acordo de colaboración con Quironsalud para poder operar uns 2 nenos por ano no Hospital de Pontevedra e que padecen graves problemas oculares.

No número anterior inserimos unha páxina na que se informaba de que a ONG “Infancia solidaria”, que comeza un proceso de implantación en Galicia, precisaba familias dispostas e capaces de acollerer -por un período medio de tres meses- a meniños africanos e latinoamericanos que veñen operarse á Coruña, acompañados da súa nai. Conversamos con Jesus Medín, que promove este programa, e así poderemos entrar nos detalles que seguro que serán de interese para quen se sinta chamado a colaborar neste proxecto.

Sempre virán acompañados da súa nai?

Sí, os nenos sempre viaxan acompañados da súa nai ou, ás veces, do seu pai.

Quizais sexa unha pregunta obvia, pero cómpre facela: Que vantaxe ten que veña a nai (ou un familiar achegado) con respecto a outros modelos parecidos nos que vén o rapaz soíño?

Ante todo quero dicir que hai tantos nenos de países de África ou América Latina que precisan ser operados para poder salvar as súas vidas que todas as iniciativas que colaboran nesta causa social son imprescindibles. O feito de os nenos viren acompañados das súas nais achégalles un apoio e unha seguridade afectiva que son tan importantes cando un se somete a unha situación tan delicada como é unha operación cirúrxica e, ademais, nun país distinto ao teu.

A acollida é darlles aloxamento e manutención e acompañalos durante o tratamento médico

Que lle pedides ás familias de acollida?

Ás familias pídeselles que acollan o neno e a súa nai durante todo o proceso que supón a atención médica para que os nenos poidan ser operados. Normalmente este proceso dura entre dous e tres meses. A acollida supón dar desinteresadamente o aloxamento e a manutención do neno ou nena e da súa nai. Tamén o acom-

pañamento durante todo o tempo da estancia en Galicia. Cando entrevistamos as posibles familias de acollida insistimos moito na importancia de poder comprender as distintas culturas das mamás e os nenos que veñen. Por iso lles entregamos e explicamos un documento titulado “Carta de convivencia para nenos enfermos que veñan a operarse xunto coas súas nais, as familias de acollida e os voluntarios da ONG Infancia Solidaria”. Este documento recolle recomendacións para facilitar a estancia dos rapaces e as súas nais.

Que apoio recibirán esas familias?

As familias contan co apoio dos coordinadores locais de “Infancia Solidaria” que os acompañan desde que os pequenos e as súas nais chegan ao aeroporto ata que marchan.

Os coordinadores están presentes nos momentos clave da atención médica:

planificación das citas preparatorias da intervención cirúrxica, na propia operación e no seu seguimento.

Os coordinadores tamén organizan o traballo dos voluntarios que apoian as familias con quedas no Hospital para acompañar os nenos e as súas nais. Os voluntarios tamén apoian as familias acompañando os nenos e as súas nais nos momentos de lecer e tempo libre.

Igualmente, as familias contarán co apoio de intérpretes voluntarios, no caso de nenos de países africanos, para que estean presentes cando chegan ao aeroporto coas súas nais e nas principais citas médicas.

Cal é o “trato” ao que se chega entre “Infancia Solidaria” e a familia?

O trato consiste en que as familias asumen o aloxamento, manutención e acompañamento dos nenos que xunto ás súas nais veñen operarse a Galicia e que contarán co apoio dos coordinadores e voluntarios de “Infancia Solidaria” para axudar nas estancias dos nenos no Hospital e nos espazos de ocio e tempo libre.

En canto aos custos económicos, as familias asumen os gastos de aloxamento e manutención e “Infancia Solidaria” asume os gastos da viaxe dos nenos e as súas nais e os posibles gastos médicos complementarios á atención hospitalaria.

Como valoran as familias a súa experiencia de acollida?

Pois valóranas como moi gratificante e manifestan que reciben máis do que

dan. Os lazos afectivos que se establecen cos nenos e as súas nais perduran máis alá do tempo da acollida, xa que as familias seguen en contacto e normalmente apoiando os nenos cando estes regresan aos seus países de orixe.

Se ben en Galicia está empezando, “Infancia solidaria” xa ten unha traxectoria importante noutras zonas do

O feito de viren acompañados dálles seguridade afectiva nunha situación delicada

Estado. Como nace e como evoluciona?


“Infancia Solidaria” nace en 2006 cando Pepo Díaz, o seu fundador, se conmove coa foto dunha nena malferida na guerra de Irak e decide tratar de traela a Madrid a operarse. A partir desta experiencia, Pepo pregúntase se é posible axudar a máis nenos e crea a Fundación “Infancia Solidaria”. Esta ONG, composta exclusivamente por voluntarios, crece co apoio xeneroso de moitas persoas e familias de

acollida que fan posible que máis de 240 nenos de África e América Latina fosen xa operados en Andalucía, Cataluña, Madrid, Valencia, Aragón e Cantabria. Ademais da atención médica aos nenos, “Infancia Solidaria” coopera na medida das súas posibilidades con pequenos proxectos de cooperación coa infancia en Etiopía,

Kenia, Guinea Bisau, Nepal e Vietnam.

Por certo, por que iso de “Infancia solidaria” - se os solidarios son outros, e sobre todo as outras, e non os “infantes”?

Ten que ver co enfoque que se lle dá o papel dos socios da Fundación. Se entras na páxina Web da ONG explícase que os nenos de aquí son os socios, son nenos que axudan a outros nenos, de aí o do nome de “Infancia Solidaria”



Se estás interesado conecta con Jesus Medín,
Coordinador de Infancia Solidaria Galicia
Móvil: 667 596 675
Mail: medin.social@gmail.com



O noso taboleiro XXXVI encontro da Coordinadora de Crentes Galeg@s

Josecho Barca



O pasado 7 de abril reunímonos os colectivos que formamos parte da Coordinadora. Esta vez o tema que iamos tratar era: a desigualdade na que vivimos e a igualdade que soñamos.

Alfonso Mascuñana fixo a introdución recordándonos que a desigualdade presente na nosa sociedade é un síntoma da desorde global na que vivimos e que esa igualdade que desexamos, como dicíamos no Documento da Paz, ten inimigos, saíu da crise malferida, non é barata e, sobre todo, é unha tarefa na que todos temos que aportar.

Dedicamos o resto da mañá a analizar as pegadas da desigualdade en tres colectivos da nosa sociedade: a infancia, a xuventude e as persoas maiores.

Maricarmen Ariza presentounos a iniciativa “A las 5”, unha bocatería que montaron en Vigo un grupo de voluntarios, de maneira autoxestionaria. Nela os nenos con dificultades, á vez que reciben apoio escolar, poden merendar. Comezaron por atender a infancia, pero agora xa teñen aberto o local a toda a familia, para que todos “poidan ir para a cama con algo no estómago”. Comentáronse tamén outras iniciativas de apertura de comedores no verán, cando pechan

as escolas. Son maneiras de atender ás novas formas de pobreza que van aparecendo como efecto do aumento das desigualdades. Fíxose fincapé en que este tipo de respostas deberían ser organizadas desde as administracións, xa que delas é a responsabilidade.

A continuación, tratamos de analizar as principais dificultades coas que se atopa a xuventude: empeoramento

Contra a desigualdade... o común

das condicións laborais con contratos “lixo” e salarios que non permiten independizarse, necesidade de emigrar persoas con altos niveis de formación, maior dificultade para acceder a estudos universitarios, fracaso escolar, falta de expectativas... Viamos que hai unha parte que se organiza e loita pero preocúpanos que a maioría ven a situación como algo “normal”. Creemos que é necesario reconecer que non o teñen fácil e acompañalos na defensa dos seus dereitos.

Despois do descanso, Guillermo Fontán de MODEPEN, expúxonos con moita claridade os problemas

polos que están a pasar moitos pensionistas do noso país. Algunhas cifras que nos sorprenderon: 5 millóns cobran menos do salario mínimo interprofesional e 1 millón menos de 350 €. Se a isto unimos a falta de residencias públicas, os desafiuzamentos, a falta de calefacción, os cortes de luz, a alimentación deficiente..., podemos facernos unha idea da situación de precariedade na que viven moitos dos nosos maiores. É necesario defender un sistema público de pensións de calidade e desmontar os falsos mitos que din que non é posible mantelo.

Foron moitas as alternativas que xurdiron ao longo do debate: a proposta da Renda Básica para un reparto máis xusto da riqueza existente, a busca de solucións colectivas e de cooperación para o coidado das persoas maiores, impor unha taxa aos robots que están a substituír postos de traballo... Toda unha tarefa a que nos queda por diante.

Rematamos o día compartindo a palabra, o pan e o viño e unha fermosa pregaria que, para a ocasión, prepararon os compañeiros da Vangarda Obreira.

E, como dicíamos durante o encontro: **Contra a desigualdade... O COMÚN.**



Levo xa un tempo traballando de bibliotecaria na universidade pública, primeiro na Coruña e agora en Compostela. En 2017 decidín cursar un mestrado en biblioteconomía para non perderme neste tronso ao dixital que se está a producir na profesión. Nesa decisión tamén influíu, ademais, a esperanza de que nun eventual concurso de traslados poida facer valer como mérito o meu esforzo. Pola miña dobre condición de funcionaria da universidade e estudante, observo con curiosidade e estupor o caso Cifuentes. Unha circunstancia a maiores cativa o meu interese no asunto: son coñecedora das manobras baseadas na intimidación por parte de superiores, na concesión fraudulenta e arbitraria de favores e na falsidade; manobras moi semellantes, noutro contexto, ás que agroman no caso da presidenta de Madrid. Sinto fascinación e horror, a partes iguais, ante a arte e o enxeño posto ao servizo do interese persoal.

Curso un mestrado na Carlos III, tamén madrileña. É a única, de entre as públicas, que ofrece o meu programa a distancia, única opción para quen traballa e estuda. Por máis que busquei, ningunha universidade permitiría substituír a asistencia obrigatoria por traballos individuais, como disque se

lle permitiu a Cifuentes. A miña experiencia é dura, pero moi satisfactoria, arredada das “flexibilidades” ás que aludía a presidenta para explicar o excepcional trato que a Universidade Rey Juan Carlos lle dispensou: métodos de avaliación diferentes, pactados privadamente co profesorado, cambios de notas, un traballo fin de mestrado aprobado por un tribunal que nunca se reuniu, entre outros agasallos.

Desprezan o procedemento, a legalidade. Como se molestasen esas andrómenas

O da “flexibilidade” importa. Ilustra moi ben o desprezo e asoballamento dos principios do servizo público na Universidade, que é precisamente unha fonte de lexitimidade e prestixio para o “público”. Primeiro, porque esta institución, con todos os seus fallos, garante a igualdade de oportunidades entre o alumnado de maneira moi aceptable, case heroica. Sen padriños nin trampas: fai falla só unha nota de corte. E baseándome na experiencia, a falta dun estudo máis rigoroso, afirmo que cursar estudos

medios nun colexio privado non outorga vantaxe competitiva ningunha para acadar bos resultados na Universidade.

En segundo lugar, a “flexibilidade” que Cifuentes quixo para si desprestixia a universidade ao asimilala, na súa xestión, cun negocio de arrimados ao poder que desprezan o procedemento, é dicir, a legalidade. Como se molestase ter que andar con esas andrómenas. E as contradicións dos máximos responsables da Universi-

dade Rey Juan Carlos, o cruce de acusacións entre eles, dan credibilidade á versión do argumentario do PP que di: “Quen embarullou todo foi a universidade; Cifuentes é vítima dunha administración atrapallada, merecente dunha investigación que aclare cantos máis alumnos hai afectados por erros semellantes”. Unha posverdade paquidérmica.

Xa digo, sigo o caso con interese e estupor. Sorprendida, por veces mesmo divertida, de ata onde pode retorcerse a realidade antes de que fenda.

Cinco anos dunha sorpresa chamada Francisco



Francisco, coworkings e templos

Cando me preguntaron pola miña percepción sobre os cinco anos nos que Francisco leva “no cargo” e a súa influencia en Galicia e nos ambientes nos que eu me movo, viéronme á cabeza dúas preguntas.

Por un lado, “*chegou Francisco á xente nova, aos coworkings (os novos espazos de traballo colaborativo), ás e aos freelances que están a crear os oficios do futuro?*”. É dicir, chegou a súa mensaxe renovada e actualizada aos espazos e ás persoas que están liderando o cambio na nosa terriña?

Por outro lado, “*chegou Francisco á Igrexa Galega?*”. Meteuse nos templos, lavou as caras longas dos que predicán o medo e fixo remexer “aos de sempre” na súa cadeira do poder? En definitiva, chegou o cambio a Galicia? Visto así, parecen dous mundos opostos. E como tales, responderon de xeito diferente ante a mensaxe de Francisco.

Respecto do primeiro, a miña percepción é que Francisco chegou, pero non callou. A súa mensaxe é aceptada e respectada, pois é coherente cos principios e valores dVas persoas que se moven nestes ambientes, pero non é “rompedora”, nin “sexí” abondo como para namorar.

No segundo, a visión que proxecta Francisco chegou como auga de maio aos que xa estaban antes nunha liña similar. Os últimos anos de papado foran duros. **Francisco dou autoridade aos que non a tiñan** e quitoulle (parte de) lexitimidade aos outros. Pero Galicia e Roma estanche a varios quilómetros de distancia, e as estruturas de poder sonche duras de roer. Calan e esperan que, como no “Il Gattopardo”, todo cambie para que todo siga igual.

Lucía Santiago Díaz



Francisco: cinco anos dun sorriso para cambiar a Igrexa

Hai cinco anos, para min a noticia era a renuncia de Bieito XVI. Constituía o recoñecemento da impotencia no empeño pola limpeza fronte á corrupción nas finanzas do Vaticano. En troques, pensei sinceramente que ningún bispo de Roma electo entre os cardeais nomeados por Xoán Paulo II podía levar adiante un labor de reforma da Igrexa Católica que fose do meu interese. Por iso, ao comezo, Francisco foi para min só un sorriso amable. Certamente era de agradecer, logo de tanto aceno adusto.

Logo viñeron as novas sobre a visita á prisión, a viaxe apostólica a Lampedusa e outros xestos que apuntaban a un fondo cambio na sensibilidade social. Para quen nada espera, eses cambios son motivo de alegría, sen dúbida. Aínda que xa vivimos tempos en que a Igrexa apuntaba a un tempo ao progreso social e ao conservadorismo na moral e na propia organización eclesial.

Pero axiña apareceron outros sinais de cambio. Para min os máis significativos estiveron no novo enfoque de loita contra a pederastia e os abusos sexuais na Igrexa, así como o afondamento nos cambios nas finanzas do Vaticano, a cruz de Bieito XVI. Pero aos poucos apareceu unha clara apertura nas cuestións relativas á familia, á moralidade e, o que é máis importante, un desbloqueio da cuestión do papel da muller na Igrexa. Do punto de vista da vítimas non foi suficiente, desde a óptica das mulleres son pasos moi tímidos, as reformas camiñan lentas. Pode non ser suficiente, pode haber unha volta atrás. Pero **durante estes anos volvemos sorrir**, volvemos ter esperanza.

Santiago González Aviión

Francesco, repara a miña Igrexa ruínosa

Chovía en Armenteira na tarde do 13 de marzo do 2013. Rematadas as vésperas, correu a nova da fumata branca. Recordo os nervios. Non había TV, e xuntámonos diante da habitación do Padre Juan María; a través dun portátil e da wifi conectamos coas imaxes. Foi un pequeno barullo cisterciense: as irmás, o capelán, eu. A voz tremente do cardeal Toureau anunciou: Cardeal Bergoglio!-Francisco! Veume a imaxe do *poverello* de Asís, ante a cruz de San Damián escoitando a voz de Xesús: “Francesco, repara a miña Igrexa ruínosa”. E Francesco, o dos pés descalzos e vestido de saco, inundou a igrexa de alegría, de sinxeleza e fraternidade, abrazando a santa pobreza. “Canto me había gustar unha Igrexa pobre!”. Foi unha das primeiras palabras do Papa Francisco.



Van 5 anos. **Francisco amosou o evanxeo con xestos que valen por un cento de encíclicas**, xestos que chegan ao corazón da xente, e da xente máis necesitada deles. Xestos que enfadan a moitos instalados en ritos e seguridades terreas. Será tarde, Francisco? agora que a vella Europa parece esquecer a Deus? Cantos retos aínda... Unha igrexa comunitaria onde o clero non sexa casta dirixente, fraternidade de mulleres e homes por igual. Unha igrexa curadora, menos preocupada de sacrificios rituais e si dos humanos sacrificados. Igrexa, que tes que dicir de ti mesma? Preguntaba o Concilio. Francisco, que nos dis de Xesús? Aí van estes versos de Alberti, dedicados:

Francisco
amosou o
evanxeo con
xestos

Di, Jesucristo, ¿por qué
me besan tanto los pies?

pues tengo los pies gastados,
como ves.

Soy San Pedro aquí sentado,
en bronce inmovilizado,
no puedo mirar de lado
ni pegar un puntapié,

Haz un milagro, Señor.
Déjame bajar al río,
volver a ser pescador,
que es lo mío.

Rubén Aramburu

Chegou o papa a Galiza?

Chegou, xeneroso de palabras e feitos que soan a auga do pozo de Samaria, e ás veces a trono indignado ante as inxustizas; bebe no Evanxeo.

A nosa xente enchoupouse deses aires de liberdade de palabra infrecuentes, cando menos na banda que me toca vivir da igrexa galega de boa vontade. Tanto así que me sinto animada a falar abertamente diso, como muller e feminista na Igrexa e no mundo.

Francisco é un home bo -nada fai supor que os antecesores non o fosen-, expresa agarimo e respecto polas mulleres, con real compaixón. Ten xestos de escoita e lanza moitas redes, como a comisión das diaconisas (u-los resultados?, por certo) e o sínodo das mulleres (do que se exclúen as disidentes, por certo). Ten expresións propias da súa cultura e xeración e desacertos, ao meu ver, como a súa elaboración do “xenio feminino” ou a crítica das “monxas murmuradoras”; por non falar da continuidade teimuda no tema do pleno acceso das mulleres na súa Igrexa á totalidade dos sacramentos. **Para o sacerdocio feminino ten unha “porta pechada” sen pechadura, creada por outros.**



Cinco anos dunha sorpresa chamada Francisco

Observo que desde Galicia, sen nisto sermos moi diferentes doutras terras da nosa contorna, adoitamos cultivar o talante *buenista*, tan usual e ferinte para o meu xénero. Apoiar, sumarse ao carro dos aplausos sen reservas, para o seu pontificado fronte ao perigo ultraconservador que dá moito medo e podería, seica, acabar con el.

Existe unha estratexia para silenciar ou modular sensiblemente as voces reivindicativas ou discordantes, que afecta especialmente ás mulleres, que o que fai é apuntalar un edificio patriarcal. As maceiras non dan peras: defendermos a papá a expensas de tragarmos as propias necesidades, expresar as nosas ideas e visións de Igrexa e sociedade, significa auto inflixirnos violencia para que o sistema non quebre. Non teño espazo aquí para relatar polo miúdo todas as veces nas que me vin exposta e maltratada por esa vía, co anterior papa por “carca” e con este porque... “pobriño”

Francisco pediu que “fagamos lío”; apoio a súa moción. El gustaría de que nós sexamos Igrexa, nós mesmas, ver os nosos feitos concretos, escoitar as nosas palabras veraces sen pelos na lingua. Si, el chegou, pode que estea a agardar na porta que o acollamos na nosa casa, co que realmente somos, homes, mulleres, galegas... O máis valioso que unha persoa humana pode dar é a si mesma; e iso é amar. Calar non sempre o é.

Galicia, as súas mulleres e homes, poden aportar a súa parte de ar fresco que o Reino precisa para facerse presente. Propoño que a prioridade non sexa apuntalar o vello sistema patriarcal, senón ser nós mesmas, con dignidade e tenrura toda, sen medos e estratexias. Transparentes como o Resucitado, resucitadas nós tamén.

Palabra de muller.

Francisco
pediu que
“fagamos lío”;
apoió a súa
moción

Christina Moreira



EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

Boa Nova



Un único rabaño e un único pastor

Non esquecerei aquela tarde de auga salvaxe sobre da viliña antiga de Rocamadour, no corazón dunha montaña francesa. O noso coche encóntrase sen querer, nun carreiriño, cun mar branco cheo de ollos que se nega en masa a pasar a carón noso. Detémonos, a pastora manda apagar o motor e despois as luces, a case temos que conter a respiración, o Tori mais eu, nin movernos para que non acaben caendo polo monte ou... nin sei, obedeciamos á pastora cegamente. Pero ela sabía que facer, colleu a unha soa delas, ela sabería cal, e fíxoa saltar por riba do coche. De inmediato as outras buscaron a forma de reunirse con ela. Xa confiaban, ían pasando unha a unha a bo ritmo.

Cando o atranco parece atranco, saber que o atranco, nas túas mans faise camiño, confiar en quen pasou primeiro e saltar, un pé diante de outro. Non preciso saber que hai despois, nin saber nada de nada. So preciso confiar, con esa confianza amorosa e teimuda de quen sabe que so expóndose pode atopar saída.

Descubrirme vulnerable e dar grazas porque aí é onde aprendo canto me cómpre saber.

Hai unha soa vocación: a de ovella e so un pastor. Un único e adorado Pastor, inconfundible porque el é quen te colle polas patas, queiras ou non, e te bota polos aires, quen te aguilloa para que te movas ou che quita á que sobra. Non sabes onde vas parar, mais de aquelas ovellas aprendín o gozo lene e repentino da ledicia de confiar e descansar.

Este é o domingo dedicado, desde hai mais de 50 anos, á "oración polas vocacións". Feliz vocación de ovellas, irmáns e irmás, onde sexa que vos toque no rabaño, imos xuntos e iso abunda. A confianza cega que vence todos os medos faranos familia algún día.

Christina

A CLAVE

Xoán diferencia dous tipos de pastores: os que están polos cartos e os que están polas ovellas. Nesta liña, Paulo xa avisaba a quen na comunidade quería vivir a conta do traballo pastoral: "o que non traballe que non coma" (2Tes 3, 7-10).

O traballo dos coidados, entendido coma profesión, ten que ser un traballo remunerado, con dereitos. Así é lexítima a loita das asociacións de empregadas do fogar, como *Xiara*, que reivindicán a súa dignidade laboral. Pero a parábola fala das persoas que atenden e coidan pastoralmente unha comunidade. Vivimos nun mundo no que os cartos son a medida de todo, así que temos que revisar a relación entre acción pastoral e cartos.

A atención pastoral non pode ser unha profesión. Vémolo ben nos catequistas e en quen cuida de balde o funcionamento das nosas parroquias. Non están polos cartos, están porque cren na comunidade cristiá como semente de transformación deste mundo en camiño cara ao Reino de Deus. O mesmo Paulo, o apóstolo, buscaba sempre un traballo co que se manter mentres predicaba. Nesta liña, o movemento dos curas obreiros parécese unha das loitas proféticas e evanxélicas máis xenuínas do pasado século, pois propón inserir os nosos pastores no mundo laboral, no mundo secular, desprofesionalizando a acción pastoral.

Marisa de Corme

DOMINGO 22 DE ABRIL. IV DOMINGO DE PASCUA

A PALABRA. Xn 10, 11-18

Naquel tempo dixo Xesús: «Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. O criado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vir o lobo, deixa as ovellas e foxe e o lobo rapínaas e dispérsaaas; porque el anda ao xornal e as ovellas non lle importan. Eu son o Bo Pastor: coñezo as miñas e as miñas coñécenme a min. Igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai, e dou a miña vida polas ovellas. Teño ademais outras ovellas que non son deste curro: tamén a esas as teño que guiar, e escoitarán a miña voz e farase un único rabaño e un único pastor. Por iso ámame o Pai: porque eu dou a miña vida, para tomala de novo. Ninguén ma quita; non, eu douna voluntariamente. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai.»

Falando da lingua De viaxe pola cartelería

Lidia e Valentina

As viaxes poden ser interminables, interesantes, grandes..., pero, sendo pequenas ou medianas, teñen que ser femininas, de igual xeito que o son as paisaxes ou as síndromes.

Síndrome é un termo que se emprega moitas veces falando galego co xénero en masculino contaxiado polo castelán. O mes pasado foi o día internacional da Síndrome de Down e vimos o termo escrito correctamente en moitos sitios, pero logo escoitamos a xente falar se **este síndrome está *asociado con tal ou cal ...* Debemos fixarnos pero, con todo, esta interferencia propia do contacto de linguas non nos parece tan escandalosa coma as barbaridades que levamos lendo os últimos tempos en cartaces institucionais e que afectan á estrutura do galego. A ver que vos parecen:

“*Non cho podes perder” como lema que pretendía reclamar público para a Feira de Mostras de Lugo, celebrada o pasado mes de marzo. Escoitar, escoitámoslle algunha vez a tradución literal desde o castelán “No te lo puedes perder” ao galego, facendo frases do tipo **“*Non to podes perder”**, tanto a non falan-

tes como, nos últimos anos, a persoas galegofalantes de pouca idade. Con todo, xa non sabemos se a versión máis escandalosa é con “cho” ou con “to”.. O mellor é, sen dúbida, deixar a frase ao dereito:

“Non o podes perder!”

Outro cartaz que nos chegou tamén aí atrás foi o da Asociación de Comercio da Laracha, onde fixeron un cartel no que meteron a zoca en cada unha das dúas frases que escribiron. O lema era “Asóciate” e a imaxe unha piña, froito do piñeiro común que abunda en Galicia: *Pinus pinaster*. Pois nun exercicio de pretendida hipergaleguización, elaboraron a seguinte frase para poner enriba da piña: **“*Xuntos facemos ananás”**. Vaites que... O ananás é un termo que actúa como sinónimo da piña americana, desa que se come, do *ananas sativus*. Polo tanto, non ten ningún sentido falar de “facer ananás”. Se a isto lle sumamos que para apelar á cidadanía, engadiron debaixo: **“*Ti tamén fasnos falta”**, co pronome mal colocado, pois consideramos que se conseguiron que se asociase moita xente, sería entre a curiosa que foi preguntar que era aquilo, non porque a cidadanía dese entendido ben a mensaxe!



O Fachineiro do nacionalcatolicismo

A procesión foi por fóra

Alá foi a Semana Santa, aínda que algunhas das escenas que se ofreceron ben podían ser do festival de cine fantástico e de terror de Sitges. Entre elas, ese amoadado casoso de militares desfilando canda os pasos. Pero desta feita, descubrimos un novo xénero: o dos ministros cantando iso del novio de la muerte da lexión, seguramente con vistas a participaren nun Got Talent dos que tanto se levan agora. E se non pasan a selección sempre poden optar ao de monologuista cómico, que tamén é moi apreciado. Claro que aí a competencia é dura: Cifuentes e Cospedal hai tempo que o veñen traballando. Que a ministra de defensa mande poñer a



bandeira a media hasta pola morte de Cristo quizais haxa que entendela neste contexto. E se non é así, xa vos adianto que Mahoma morreu o 8 de xuño, así que se ese día volve haber bandeira a medias veremos que só se trataba dun acto de pluralidade relixiosa. Non todo o mundo foi sempre tan fundamentalista. Por quererem separar os actos relixiosos dos militares e máis participación do pobo xa se armou unha boa lea na procesión do Corpus do ano 68. Iso custoulle o posto a un tal Pepe Chao, entre outros. Aí está Xaquín de Roca que non me deixará mentir. E quen queira máis detalles, o libro *Los curas contra Franco*, de Rosa Cal.

A.Q.